

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020295	IES Mestre Landín	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

A presente programación está conformada por 9 unidades didácticas secuenciadas para un ano académico do 1º curso da Educación Secundaria Obrigatoria no IES Mestre Landín de Marín, que consta con 105 sesións lectivas distribuídas en tres sesións semanais. Para a súa elaboración tomamos como referencia a normativa legal que figura a seguir:

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Estas referencias concrétnanse a nivel curricular, para a nosa Comunidade Autónoma, na lexislación que aparece a seguir:

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra de relatos curtos (Contos por palabras, Agustín Fernández Paz); no segundo, unha obra narrativa (Esmeraldina a pequena defunta, Leticia Costas) e no terceiro unha peza teatral (O achado do Castro, Manuel Núñez Singala). Estes títulos poderían cambiarse por outros similares en función da dispoñibilidade destes na biblioteca do centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que linguas falades?		11	14	X		
2	Na nosa clase, non!		11	11	X		
3	E ti de que ris?		11	12	X		
4	Todos os heroes levan capa?		11	11		X	
5	Sabes usar Google (ben)?		11	11		X	
6	Unha obra de medo!		11	12		X	
7	Coñécelas?		11	11			X
8	Dálle á lingua!		11	11			X
9	Aprendendo a dialogar!		12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que linguas falades?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	60
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de tres ou catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.	TI	40
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de relatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Na nosa clase, non!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	80
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	20
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
3	E ti de que ris?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado realiza un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	PE	20
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.	TI	80
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de clase.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

UD	Título da UD	Duración
4	Todos os heroes levan capa?	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
5	Sabes usar Google (ben)?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	70
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escíbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) da narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Unha obra de medo!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado producirá textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	PE	65
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado redacta un texto no que, con exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.	TI	35
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nun traballo de investigación colectivo sobre as redes sociais (orixe, tipos...) con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Coñécelas?	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.	PE	65
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece e explica erros léxicos, gramaticais e ortográficos coa axuda de dicionarios e de manuais de consulta en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido do texto, o alumnado debe empregar procedementos comunicativos para melloralo e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	TI	35
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, un texto literario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación á reflexión interlingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
8	Dálle á lingua!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repetición no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
9	Aprendendo a dialogar!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación, distingue o propósito comunicativo e interpreta as súas intencións.	PE	40
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica na obra de lectura/peza teatral algúns dos seus principais elementos.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente nos debates e asembleas organizadas na clase,, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	60
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de procurar e contrastar información na biblioteca, elabora unha presentación oral sobre a obra obrigatoria trimestral, o/a autor/a, o seu contexto histórico etc.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

Contidos

- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será fundamentalmente activa, as explicacións teóricas serán o soporte para a elaboración dun amplo número de actividades por parte do alumnado. Tentarase que a participación oral de todos/as os/as alumnos/as sexa o máis frecuente posible, dentro das limitacións impostas polo elevado índice alumno/a-profesor/a; aínda así, tentarase alternar a corrección escrita dos exercicios, para poder avaliar o traballo e corrixir os erros (de xeito que o alumnado poida facer unha revisión daquilo en que necesitará mellorar) coa corrección oral, entre todos, de xeito que se potenciará a participación e o uso oral da lingua. Tamén se poderá recorrer á autoavaliación, que permitirá ao alumnado non só ser máis consciente dos seus erros e así rectificalos, senón comprender mellor a avaliación como algo fundamental no proceso de ensino- aprendizaxe. Tanto no referente ao alumnado como, no seu caso, o profesorado, poderase favorecer o traballo en equipo, no caso do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar. Se en todas as materias a lectura é un factor fundamental, na nosa especialmente, en todo tipo de soportes e formatos; en relación con isto último, promoverase o uso das TIC como recurso metodolóxico eficaz. Procurarase que as actividades dean como resultado a aprendizaxe de máis dunha competencia á vez.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). <i>Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo</i> . México: Trillas.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). <i>Manual práctico de galego</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). <i>Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía</i> . Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Dosil, Benxamín (2015). <i>Escrita doada: consellos para redactar ben</i> . Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). <i>Manual de uso da lingua galega</i> . Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). <i>Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición)</i> . Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010). <i>Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera</i> . Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). <i>Diccionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega</i> . Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). <i>Estilística da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). <i>Ortografía da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). <i>Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). <i>Diccionario de uso para a comunicación</i> . Vigo: Xerais de Galicia

Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Barcelona. Teide

Ao longo das sesións, empregaremos tanto materiais funxíbeis (bolígrafos, lapis, cadernos, gomas, afialapis, libros de texto etc.) como non funxíbeis (estantes, armarios, mesas, cadeiras, encerado, proxector, computadores e reprodutores de DVD, entre outros). Igualmente, dada a limitación de materiais na aula habitual do grupo, sobre todo de computadores e de libros especializados, utilizarase frecuentemente a biblioteca e a aula de informática, cando a actividade pedagóxica así o requira.

No tocante aos recursos didácticos, dado que o centro ten implantado o sistema E-Dixgal e todo o alumnado ten acceso ao seu propio computador persoal, empregaremos un libro de texto dixital escollido en consenso polo Departamento Didáctico, cuxo uso se complementará coa entrega de material de apoio e complementario relacionado cos temas de Lingua e Literatura, en función dos contidos que se van desenvolver nas distintas UUDD. Deste xeito, fomentaremos o recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación como un elemento activo máis da aprendizaxe, a través do blog do centro, a aula virtual, a procura de información en enderezos web de natureza lingüística etc. Neste sentido, alén do libro dixital, utilizaremos con regularidade recursos dixitais na clase: visualización de adaptacións literarias ao cinema, audición de textos literarios musicalizados, traballo cos medios de comunicación en xeral (p. ex. lectura e debate á volta de noticias de actualidade) etc.

Alén dos materiais citados tamén se recomendan outros recursos en formato dixital:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dedicaranse as primeiras sesións do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar o currículo axeitándose ás súas características. Os procedementos que se utilizarán para avaliar o alumnado consistirán nunha proba escrita con estrutura similar á das probas escritas que se programen para o curso:

- comprensión e elaboración textual.
- léxico-semántica.
- lingua e sociedade.
- gramática.
- ortografía.
- literatura.

Con estes procedementos de avaliación inicial, poderá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso. Trátase dunha avaliación inicial de especial importancia.

En función dos resultados obtidos, adoptaranse as seguintes medidas:

- Do punto de vista colectivo, reforzaranse os contidos e estándares cuxos resultados resulten insuficientes.
- Do punto de vista individual, reforzaranse a cada alumno/a que non chegue ou que non supere o nivel medio, de ser o caso, coas medidas de atención á diversidade contempladas na programación e con actividades especificamente elaboradas para eles.

A avaliación do alumnado baséase en dous elementos:

- O traballo diario, a participación activa nas clases e a correcta expresión oral da lingua.
- Os exames ou probas escritas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	60	80	20	80	70	65	65	70	40	61
Táboa de indicadores	40	20	80	20	30	35	35	30	60	39

Criterios de cualificación:

A avaliación será sumativa, procesual e continua; no caso de que o alumnado non alcance os obxectivos mínimos fixados, existirá unha proba global final en xuño.

Para obter unha avaliación final positiva o alumnado deberá obter un mínimo global de 5 puntos (a cualificación será numérica, de 0 a 10 puntos). As cualificacións serán trimestrais e nelas reflectirase a media de diversos parámetros:

- 1) Probas escritas (1 como mínimo por avaliación): 60%
- 2) Control de lectura: A lectura dos libros acordados como obrigatorios: 10%
- 3) Oralidade: O emprego da lingua galega na clase, coa debida corrección, tanto nas intervencións diarias como nas exposicións orais: 20%
- 4) A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a actitude e a puntualidade na entrega de exercicios: 10%

A puntuación mínima do apartado 1 (probas escritas) para chegar ao aprobado será de 3 puntos e non se poderá sumar a puntuación dos apartados 2, 3 e 4, se o alumnado non acadara este mínimo.

Para a superación da materia na convocatoria ordinaria de xuño aplicarase o cálculo da media ponderada outorgándolle un valor dun 25% á 1ª avaliación, un 35% á segunda e un 40% á terceira.

Para aprobar o curso, a media final debe ser igual ou superior a 5. Non obstante, a nota final do curso será calculada redondeando á alza a partir do sexto decimal e á baixa en caso contrario.

Algunhas consideracións sobre as probas escritas (ou outros traballos escritos):

- a) Deberán ser presentadas a tinta de bolígrafo azul ou negra, e nunca con lapis. As probas entregadas a lapis serán devoltas sen corrixir e a súa cualificación será de 0.
- b) As respostas con letras riscada ou en que a letra resulte confusa (letra sobre letra, acentos minúsculos...), non se valorarán.
- c) Os traballos voluntarios (p.ex. lecturas voluntarias para mellorar a cualificación) que non cumpran enteiramente as especificacións indicadas con antelación, ou que sexan entregados fóra de prazo, serán devoltos sen corrixir. Polo tanto, a súa cualificación será de 0.
- d) Os traballos que sexan entregados sucios, engurrados ou ausentes dunhas normas de decoro básicas non se cualificarán.
- e) Tanto nas probas escritas como nas orais valorarse a corrección lingüística.
- f) No caso de detectar unha actitude fraudulenta durante a realización das probas ou nos traballos de investigación (falar cando non se debe, utilizar materiais non autorizados, copiar respostas das probas ou traballos doutros compañeiros ou compañeiras...) por parte dalgún alumno ou alumna, a cualificación da dita proba será de 0.
- g) A duración do exame será dunha sesión lectiva, ampliable se o/a profesor/a o considerase necesario. En todas as

probas escritas, os/as profesores/as indicarán a puntuación de cada pregunta.

Todos estes procedementos son coñecidos polo alumnado dende o inicio de curso, a través da información directa por parte da profesora correspondente e van estar, dentro da presente programación, na páxina web do centro.

2) Libro de lectura

No relativo ao libro de lectura e/ou outras propostas de lectura, cada profesor/a realizará unha proba na que se demostre a lectura e comprensión da obra, valorando a corrección, a claridade, a coherencia, a capacidade de síntese e crítica, etc. A súa puntuación será de 1 punto.

3) Oralidade

O emprego da lingua galega na clase, coa debida corrección, tanto nas intervencións diarias como nas exposicións orais. A súa puntuación será 2 puntos.

4) Participación activa nas clases, traballo diario na aula, actitude, puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas. A súa puntuación será 1 punto.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas: O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de ESO non superará os 1 puntos de rebaixa (as desviacións da norma penalizaranse, cada unha, con - 0,05 puntos).

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia. Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido.

A comprobación da falta de orixinalidade de calquera traballo entregado polo alumnado implicará a anulación do mesmo e será cualificado con 0 puntos.

Reitérase a prohibición de usar o móbil nas clases e nos exames.

A nota da avaliación resultante da suma das anteriores poderá ser modificada en sentido positivo coa lectura de libros voluntarios, do seguinte xeito:

- Poderase sumar ata 1 punto como máximo neste apartado, é dicir ata dous libros voluntarios (0,5 por cada), acreditados a través dunha proba oral ou escrita, segundo o criterio docente. Esta puntuación sumarase á nota da avaliación só a aqueles alumnos/as que obtivesen unha nota igual ou superior aos 3 puntos nas probas escritas.

Asistencia aos exames:

A asistencia aos exames é obrigatoria e a ausencia só pode ser xustificada cun certificado oficial (médico, xudicial, etc.) Non se aceptarán os xustificantes imprecisos que non veñan refrendados por unha institución oficial. O alumnado que non se presente ao exame nas datas fixadas poderá realizar o dito exame na proba final ou cando o/a profesor/a o considere oportuno.

Criterios de recuperación:

Antes de rematar a 3ª avaliación o 25 de xuño, día no que terá lugar a avaliación final, o alumnado que non teña superados os obxectivos programados na materia para o curso ata ese momento terá a posibilidade de realizar unha proba e/ou actividades de recuperación. Serán no mes de xuño e nela/s deberá examinarse ou recuperar a avaliación ou avaliacións que teña suspensas. Pode darse a circunstancia de que un alumno ou alumna teña que presentarse a esa proba ou realizar algunha tarefa cunha única avaliación suspensa, con dúas ou con todo o curso. Estas probas serán valoradas sobre 10. Serán propostos para promocionar aqueles/as alumnos/as que obteñan unha media de 5 ou superior unha vez realizado o redondeo (a partir da sexta décima).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

Non resulta de aplicación neste curso da Educación Secundaria.

6. Medidas de atención á diversidade

Os/as alumnos/as son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa ao profesorado na necesidade de educar en e para a diversidade. A LOMLOE propón un currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que este alumnado acade, dentro dun mesmo e único sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

En función das diferentes necesidades educativas do noso alumnado, encontrámonos diferentes niveis de atención á diversidade:

- No primeiro nivel sitúanse as actividades de reforzo e ampliación, coas que se atende de xeito máis completo tanto ao alumnado máis retardado como ao máis adiantado. Son as máis xerais e as que cada profesor/a debe ir desenvolvendo no día a día, en función das particularidades do alumnado de cada grupo.

- No segundo nivel, están as adaptacións curriculares e metodolóxicas, para alumnado con dificultades segundo se detecten, que o profesorado afectado elaborará en colaboración co departamento de Orientación.

Algúns dos recursos que favorecen a aprendizaxe ao alumnado con máis retardo na aprendizaxe son: Recursos metodolóxicos:

- Potenciar o uso da lingua oral en situacións espontáneas e planificadas.
- Combinar períodos curtos de atención e traballo.
- Usar o reforzo social para apoiar, non só rendemento, senón o esforzo.
- Proporcionar reforzo positivo ao feito de acabar as tarefas.
- Mesturar actividades de alto e baixo interese (comezando polas menos atractivas) intercalándoas.
- Proporcionar pequenos descansos, frecuentes e regulares.
- Dividir as tarefas en etapas breves. Determinar o tempo de traballo-atención.
- Asignar menor cantidade de exercicios.

Recursos de adecuación das actividades de aprendizaxe:

- Ampliar o tempo para a realización das actividades.
- Valorar as actividades polos seus contidos e non polos erros de escritura.
- Repetir as explicacións as veces que sexa necesario.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe.
- Para alumnos con TDAH, aplicar a máxima "menos é máis": o importante é saber facer, non a cantidade do realizado.
- Procurar que acaben o traballo cunha actividade que lles saia ben.
- Recordar as datas de entrega.
- Utilizar as actividades adecuadas ao alumnado con dificultade de aprendizaxe que figuran nas propostas didácticas dos libros de texto.
- Recursos de adecuación da avaliación.
- Ter en conta, nas probas escritas, a posible dificultade coa expresión escrita.
- Proporcionar máis tempo para realizar as probas.
- Confirmar a comprensión dos enunciados das preguntas.
- Traballar, antes das probas, con exercicios similares aos destas.
- Comprobar que se respondeu a todo antes de entregar.
- Recordar que se revise o exame antes de entregar.
- Avaliar os puntos débiles detectados no proceso ensino-aprendizaxe, especialmente identificar os mínimos esixibles non obtidos.

No que se refire ao alumnado con altas capacidades, algunhas das medidas adoptables poderían ser a impartición de contidos e adquisición de competencias de cursos superiores así como a ampliación de contidos do curso corrente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual			X			X		
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores						X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero			X					X
ET.6 - A creatividade	X		X				X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial						X		
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comunicación audiovisual	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	
ET.9 - A comprensión lectora	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Continuación do club de lectura en galego dentro do marco do proxecto de biblioteca.	X	X	X
Marusía	Colaboracións para a revista escolar do centro.	X	X	X
Encontros literarios	Encontro con algún ilustrador ou autor dos libros de lectura obrigatoria.	X	X	X
Saídas culturais	Asistencia a algunha representación teatral ou proxección axeitada e interesante para o noso alumnado, de existir oferta.	X	X	X
Actividades en colaboración cos distintos departamentos	Colaboración directa co Equipo de Dinamización Lingüística, co departamento de actividades complementarias e co Equipo de Biblioteca nas actividades que se programen e tamén cos demais departamentos nas actividades que programen, que estean relacionadas coa promoción da lingua e da cultura galegas.	X	X	X
Día das Letras Galegas	Actividades co gallo do Día das Letras Galegas: concursos de poesía e narración, exposición de traballos, traballos sobre o autor homenaxeado etc.			X

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O departamento organizará as actividades complementarias e extraescolares que sexan axeitadas para contribuír ao desenvolvemento educativo do alumnado, baixo a supervisión da Dirección e, se for preciso, en colaboración con outros departamentos. Procuraranse realizar actividades como conferencias e charlas, saídas a museos e exposicións, viaxes culturais, etc. que quedaron suspendidas os cursos pasados debido á situación sanitaria na que se atopaba a poboación por mor do Covid. Ademais poderanse organizar saídas a exposicións temporais consideradas de interese ou tamén a algunha das bibliotecas municipais. Teranse en conta as posibles suxestións do alumnado e valorarase calquera delas que supoña un enriquecemento cultural e educativo. Tamén se valorará o comportamento á hora de programar estas actividades, que han ser un complemento do día a día na aula, pero que requirirán unha actitude positiva do alumnado para levarse a cabo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
Metodoloxía empregada
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívoase contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
8. O profesorado mantívoase actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Todos estes datos formarán parte da memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia
- Medidas de atención á diversidade
- A concreción dos elementos transversais
- As actividades complementarias
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados